

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) Nomeamentos:

CONSELLERÍA DE TRABALLO E SERVIZOS SOCIAIS

Orde do 1 de decembro de 1993 pola que se nomean novos membros do Consello Galego de Relacións Laborais en representación da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 7/1988, do 12 de xullo (DOG do 27-7-1988) de creación do Consello Galego de Relacións Laborais, as organizacións sindicais e empresariais designarán os seus membros representativos que serán nomeados polo conselleiro de Traballo e Servizos Sociais.

Facendo uso da posibilidade de substitución, recollida no artigo 5 da devandita lei, a *Confederación de Empresarios de Galicia* propón a renovación parcial de membros titulares e suplentes da súa representación no consello.

Por todo o exposto, en virtude do artigo 4 da referida Lei 7/1988, e en uso das atribucións que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.—Nomear membro titular do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais a Luis Novoa Díaz en substitución de Manuel Ramos Medialdea.

Nomear membro suplente do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais a José María Hidalgo González en substitución de José Freire Amador.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 1993.

José Antonio Gil Sotres
Conselleiro de Traballo e Servizos Sociais

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 21 de decembro de 1993 sobre delegación de competencias relativas á xestión de créditos correspondentes a programas asignados á Consellería da Presidencia e Administración Pública pola Orde do 13 de decembro de 1993.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 13 de decembro de 1993 dictada como consecuencia da nova estrutura da Xunta de Galicia establecida polo Decreto 287/1993, do 10 de decembro, asignoulle á Consellería da Presidencia e Administración Pública a

xestión dos créditos recollidos no estado de gastos do presuposto da Comunidade Autónoma para 1993, ata o 31 de decembro de 1993.

A desexable axilidade na xestión económica aconsella efectuar a correspondente delegación de competencias que impida unha paralización na realización dos obxectivos que a Administración pretende acadar.

Na súa virtude e no uso das facultades que me confieren os artigos 43.3º da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, 72.1º da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia e 13.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións legais de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º Deléganse nos delegados provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública, a xestión dos créditos ós que se refire a Orde do 13 de decembro de 1993, da Consellería de Economía e Facenda, correspondentes ás seguintes aplicacións presupostarias:

09.01.211A; 09.03.211B; 09.03.212A; 09.03.212B; 09.03.212D; 09.03.212E; 14.01.121E; 14.02.121A.

Artigo 2º A xestión dos créditos ós que se fai referencia no artigo anterior, entenderase que implica a adopción das resolucións pertinentes que viabilicen a súa execución, e sempre que estes teñan o carácter de créditos desconcentrados.

Artigo 3º As resolucións que se adopten facendo uso da delegación contida na presente orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse dicitadas pola autoridade que a conferiu.

Artigo 4º En calquera momento, o conselleiro poderá reclama-lo exercicio das competencias que se delegan pola presente orde, das que quedan excluídos, en todo caso, os supostos previstos no artigo 13.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 42.2º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 1993.

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública